

AXENDA



Prezada comunidade:

Achegamos a programación de actividades dos vindeiros días e anticipamos novas convocatorias importantes para que poidades ir reservando os ocos en axenda. Agardámosvos!!

»» NOVOS SEMINARIOS DE DOUTORAMENTO

MÉRCORES
08/05
13:00 H



AVALIACIÓN ECONÓMICA APLICADA Á ANÁLISE DE TECNOLOXÍA E PRODUCCIÓN EN HOSPITAIS

Octavio Córdova Arévalo, alumno da Universidade de Vigo, presenta o seu traballo de doutoramento:

- Data: Mércores, 8 de maio 2024
- Horario: 12:00 a 13:00 h (CET)
- Presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresarias da UVigo. Aula-seminario 2.
- **ONLINE: [REXISTRO PREVIO AQUÍ](#)**

VENRES
10/05
13:00 H



AVALIACIÓN DE TERREOS AGRÍCOLAS SITUADOS NA PROVINCIA DE HUAMBO, EN ANGOLA

Ezequiel Rodrigues Lote, alumno da UVigo, presentará o seu traballo de doutoramento:

- Data: Venres, 10 de maio 2024
- Horario: 12:00 a 13:00 h (CET)
- Presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresarias da UVigo. Aula-seminario 2.
- **ONLINE: [REXISTRO PREVIO AQUÍ](#)**



MARTES
14/05
MÉRCORES
15/05

»» PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS EN 'PINT OF SCIENCE'



Desentrañando o enigma na economía conductual

- **Isabel Neira Gómez**
- Martes 14 de maio ás 19:00 h
- SANTIAGO DE COMPOSTELA. Café Bar Alborada de Veiga (Praza de Pascual Veiga, 4, local 8)



Como nos moveremos no futuro?

- **Pablo Cabanelas Lorenzo**
- Mércores 15 de maio ás 20:00 h
- VIGO. Cafetería Cañaverl (Porta do Sol, 6)

AXENDA



»» AULA ABERTA ECOBAS CON EVA LÓPEZ BARRIO

XOVES
16/05
12.00 H



“**Guía práctica para incorporar a perspectiva de xénero na investigación**” é o título da vindeira edición da nosa Aula Aberta, unha actividade de divulgación para dar a coñecer iniciativas de persoas, entidades e institucións que están a contribuir co seu traballo á construción dunha sociedade máis xusta.

Nesta ocasión contamos coa participación de **Eva López Barrio**, coordinadora de INNOVATIA 8.3. Especializada en análise e a promoción da investigación, desenvolvemento e innovación orientada á creación de spin-offs universitarias lideradas por universitarias, Eva é tamén a responsable do Programa Woman Emprende e experta no Grupo de Traballo RED.ES sobre Igualdade de Xénero no Ámbito Dixital do Observatorio Nacional de Telecomunicacións para a Sociedade da Información (ONTSI).

- Xoves, 16 de maio de 2024
- De 12.00 a 13.30 h
- PRESENCIAL: Aula-seminario 7 da Facultade de CC.EE. da UVIGO.
- ONLINE: **imprescindible REXISTRO PREVIO AQUÍ.**

MÉRCORES
12/06
10 - 14 H



»» OBRADOIRO RELACIONAL CON ESTHER TRUJILLO

No marco de ECOBAS TRAINING, eixo de actuación establecido no Plan Estratégico para a formación continua do persoal investigador do noso Centro, poñemos en materia a acción 2.5. establecida para a formación en habilidades transversais e competencias técnicas útiles e necesarias para o desenvolvemento da investigación. Para dirixir e impartir esta sesión, titulada “Formación para o fortalecemento das habilidades de relación e comunicación”, contaremos **Esther Trujillo**, do Instituto Relacional, unha das maiores expertas nacionais na materia.

- ACTIVIDADE PRESENCIAL
- Lugar de impartición: VIGO
- Data: Mércores **12 de xuño** de 2024
- Horario: de 10 a 14 horas



SAVE THE DATE!!
Habilitaremos en breve a inscrición para esta actividade

MARTES
18/06
13:00 H

»» SEMINARIO DE INVESTIGACIÓN CON GHASEM ZAEFARIAN, UNIVERSITY OF LEEDS “UNPACKING WHEN AND HOW CUSTOMER INVOLVEMENT AFFECTS SUPPLIER NEW PRODUCT PERFORMANCE”

- ACTIVIDADE HÍBRIDA SÍNCRONA
- Lugar de impartición: VIGO
- Data: Martes **18 de xuño** de 2024
- Horario: 13:00 horas



PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

Vázquez-Chas, L.; [Pena-López, A.](#) (2024)

[Asociacionismo, capital social y género en la sociedad española](#)
Revista Española de Investigaciones Sociológicas

Garrido-Ruso, M.; [Otero, L.](#); [López-Penabad, M.C.](#); [Durán Santomil, P.](#) (2024)

[Does ESG implementation influence performance and risk in SMEs?](#)
Corporate Social Responsibility and Environmental Management

[Otero, L.](#); [Querentes Hermida, R.E.](#); [Durán Santomil, P.](#); [López-Penabad, M.C.](#) (2024)

[Evaluation of the performance of Spanish family businesses portfolios](#)
Journal of Family Business Management

Ugolini, A.; [Reboredo, J.C.](#); [Ojea-Ferreiro, J.](#) (2024)

[Is climate transition risk priced into corporate credit risk? Evidence from credit default swaps](#)
Research in International Business and Finance

[Antelo, M.](#); [Sampayo, A.](#) (2024)

[Licensing of a new technology by an outside and uninformed licensor](#)
Journal of Economics

[Antelo, M.](#); [Bru, L.](#) (2024)

[Licensing of a product innovation by an outside innovator to a Stackelberg duopoly](#)
Economics of Innovation and New Technology

Peón, D.; [Antelo, M.](#); [Sun, Y.](#) (2024)


[Market competition and strategic interaction in the Spanish FinTech industry](#)
Research in International Business and Finance

[Mareque, M^a M.](#); [De Prada, Elena](#); [Pino-Juste, M.](#) (2024)

[Percepción del alumnado universitario sobre sus necesidades formativas en diversidad y ciudadanía global](#)

Revista de Investigación en Educación

>>> MOI BAIXO NIVEL DE CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE APROBACIÓN DE ORDENANZAS ADAPTADAS Á LEI 7/2022, DE 8 DE ABRIL, DE RESIDUOS E SOLOS CONTAMINADOS PARA UNHA ECONOMÍA CIRCULAR (LRSCEC)

 **Esta é unha das principais conclusións do “Informe sobre o cumprimento da obriga de adopción das ordenanzas locais de residuos por parte das entidades locais conforme á LRSCEC” publicado no marco do proxecto ECIL**

Co obxectivo de verificar en que medidas as entidades locais están dando cumprimento a algunhas das obrigas previstas na lei, **este informe amosa un panorama xeral da adopción de ordenanzas adaptadas á Lei 7/2022**. O estudo comprende un total de **980 municipios** e é froito do proxecto de investigación “ECONOMIA CIRCULAR LOCAL: POLITICAS PUBLICAS, HERRAMIENTAS JURIDICAS Y BUENAS PRACTICAS EN LA GESTION CIRCULAR DE LOS RESIDUOS MUNICIPALES (TED2021-129734B-I00)”, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación e liderado polo investigador principal de ECOBAS, [Juan José Pernas](#).

CONVOCATORIAS



>>> OPEN CALL | XXV ANNUAL BIOECON CONFERENCE



“ECONOMIC DEVELOPMENT, POPULATION DYNAMICS AND BIODIVERSITY CONSERVATION”

- Call for papers. ATA **14/05/2024**.
- [Web do evento](#)

>>> XI ENCONTRO DA MOCIDADE INVESTIGADORA



O XI Encontro da Mocidade Investigadora, organizado por investigadores e investigadoras procedentes da UDC, a USC e a UVIGO, está aberto a todo o estudiantado de doutoramento das universidades do SUG. O único requisito para participar neste encontro é o de ter formalizada a matrícula en calquera programa de doutoramento dalgunha das tres universidades. As persoas participantes terán a oportunidade de asistir e facer as súas contribucións a este evento, que durante dous días ofrecerá sesións de relatorios, pósters e mesas redondas.

- Datas: **10 e 11 de xuño** de 2024
- Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC
- **Inscripcións ata o 10 de maio**
- [Click aquí para máis información e acceso ao formulario de inscrición](#)

>>> NOVA CONVOCATORIA BECARIOS INTERNACIONAL IGAPE 2024



- **Charla informativa sobre bolsas de internacionalización**
- Data: **8 de maio** de 2024 ás **10.30 h**
- [ENLACE Á REUNIÓN VÍA ZOOM](#)
- ID de reunión: 863 6827 9405
- Código de acceso: 772388

>>> PROGRAMA DE RETORNO DO TALENTO 2024

En marcha a II Edición deste programa para o retorno a España de persoal científico xa consolidados no estranxeiro coa finalidade de que poidan desenvolver un proxecto de investigación relevante durante un periodo de cinco anos integrándose nunha Institución pública de investigación española.



FUNDACIÓN
RAMÓN ARECES

- Prazo solicitudes: **ata 16/09/24**
- [Descarga aquí as bases desta convocatoria](#)
- programaretorno@fundacionareces.es

MÁIS COMUNIDADE



PREMIO DE ECONOMÍA REY DE ESPAÑA 2024



Convocatoria da Fundación José Celma Premio para recompensar o labor científico ou profesional máis destacado, a xuízo do xurado, dentro do campo da economía.

- Premio: un diploma, unha réplica da obra "Mercurio" do escultor Francisco López Hernández e unha dotación en metálico de 72.000 euros.
- **Prazo** presentación candidaturas: **30 xuño 2024**
- [Ligazón ás bases do premio](#)

>>> PREMIO VANGUARDIA DA CIENCIA 2024



Iniciativa conxunta do diario La Vanguardia e a Fundación Catalunya La Pedrera que se convoca anualmente cos obxectivos de a) dar visibilidade á investigación científica de excelencia que se realiza en España e b) dar visibilidade a investigacións realizadas por mulleres para contribuir a reducir a fenda de xénero no ámbito da ciencia.

- Requisitos: poden optar ao galardón **investigacións lideradas por mulleres** que teñan como filiación principal unha institución con sede en España e que fosen publicadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.
- **Prazo** presentación candidaturas: **15 xuño 2024 ás 23:59 h.**

LAVANGUARDIA

- [Ligazón ás bases](#)

>>> PREMIO DE XORNALISMO CIENTÍFICO CELIA BRAÑAS



Chega a novena edición deste Premio da RACG para recoñecer a importancia de comunicar a ciencia á sociedade galega, facendo partícipe á cidadanía dos achádegos científicos e tecnolóxicos e/ou as súas aplicacións, así como tamén os casos de transferencia de coñecemento ás empresas galegas.

- **Dotación:** outorgarase un premio de 5.000 euros e un accésit sen dotación económica, así como os correspondentes diplomas acreditativos
- **Prazo** presentación candidaturas: **15 de maio de 2024 ás 15:00 h**
- [Ligazón ás bases](#)



ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

